

Os socialistas de Bóveda estarán cos veciños na manifestación do sábado para esixir unha solución ó grave problema de insalubridade da traída

Dado que o Alcalde non foi capaz de arranxar a alta contaminación do subministro, poñendo en risco a saúde de todos os cidadáns, o PSOE apoiará decididamente a concentración e reclamará, novamente, que os gobernos do PP “tomen cartas no asunto” pois demóstrase que o Concello se desatendeu claramente deste asunto “que vai máis alá das cores políticas”

Os socialistas animan a todos os veciños do municipio a participar na concentración, xa que “se trata dun dereito básico. Non estamos pedindo nada que non lles pertenza como cidadáns. O Alcalde non pode eludir a súa responsabilidade. Non pode seguir enganándonos”

Lembran que o PSOE detectou o problema hai xa seis meses, presentando varias iniciativas, pero que finalmente todas elas foron rexeitadas polo goberno municipal; o que os levou a presentar esta mesma semana unha queixa no Valedor do Pobo e a esixir o vindeiro martes explicacións á Xunta de Galicia no Parlamento

O Partido Socialista de Bóveda secundará a manifestación convocada para este sábado para reclamar unha solución que permita atallar o grave problema de salubridade da traída de auga municipal. Deste xeito, os socialistas, tendo en conta que o Alcalde do municipio, así como o seu goberno municipal, non foron capaces de arranxar a alta contaminación que impide a potabilidade do abastecemento, poñendo así en risco a saúde de todos os cidadáns do municipio, apoiarán decididamente a concentración e reclamarán, novamente, que os gobernos do Partido Popular “tomen cartas no asunto,” pois demostrase que a administración local se desatendeu esta competencia municipal, “que vai máis alá das cores políticas”.

A voceira do grupo municipal socialista, Mari Carmen Macía Rodríguez, explica así, que “o sábado estaremos con todos os veciños, reclamando un servizo que nos pertence, e do que o Concello se está desatendendo”. A este respecto, subliñou que “dende hai meses, concretamente dende abril, os cidadáns deste municipio temen pola calidade da auga e, mentres, o goberno local non está a facer nada para arranxar este problema que repercute na súa calidade de vida”, pois a captación dende o encoro de Vilasouto está afectada por cianobacterias que son nocivas para a saúde. Neste senso, critica que, malia que dende dito mes o goberno municipal tiña coñecemento dos devanditos problemas, “o Rexedor decidiu obviar a urxencia do asunto co consecuente resultado: dende hai dúas semanas non podemos consumir a auga”.

Ante a gravidade da situación, os socialistas agardan que a convocatoria sexa unánime, e animan a todos os veciños do municipio a participar na concentración. “Trátese dun dereito básico, non estamos pedindo nada. O Alcalde non pode eludir a súa responsabilidade, ten que dar a cara pero, sobre todo, ten que buscar unha solución que atalle o problema. Non pode seguir enganándonos”, concluíu.

“Os socialistas estamos cos veciños de Bóveda”

A voceira municipal subliñou que o PSOE sempre apoiou ós veciños neste asunto, plantexando distintas alternativas para que a solución ó problema fose o máis eficaz e rápida posible. Neste senso, lembrou que esta mesma semana presentaron unha queixa perante o Valedor do Pobo para que esta institución tivese coñecemento da “nefasta xestión” levada a cabo polo goberno municipal neste asunto, e que o vindeiro martes, 22 de outubro, o deputado autonómico, Vicente Docasar, presentará unha pregunta no Parlamento Galego para que a Xunta de Galicia dé explicacións sobre se é

coñecedora do mal estado da traída, ó tempo que lle esixirá que leve a cabo as medidas necesarias para que a auga sexa apta para o consumo, xa que, do contrario, continuarase a poñer en risco a saúde dos veciños e veciñas deste municipio do sur da provincia de Lugo.

Partido dos
Socialistas
de Galicia
LUGO

O parlamentario solicitará tamén copia das diferentes analíticas que poidan obrar en mans dos responsables da administración autonómica, pois as que se están a coñecer revelan que a auga desta traída non é apta para o consumo humano, xa que contén altos parámetros de ferro, manganeso e mesmo arsénico; cuestión moi preocupante e da que os socialistas piden as correspondentes aclaracións.

O PSOE detectou o problema hai 6 meses

Dende o PSOE lamentan que os responsables do Concello non quixeran atender as peticións feitas polo Grupo Municipal Socialista ó longo dos últimos seis meses; iniciativas que intentaban tenderlle a man ó Alcalde para atopar, entre todos, unha solución a un problema que está producindo un forte malestar nos veciños do municipio. Deste xeito, no mes de abril plantexaron varias iniciativas, como a creación dunha comisión de seguimento e a construción dunha depuradora, pero que foron rexeitadas todas elas polo goberno municipal, a pesares de iren encamiñadas a sumar esforzos para erradicar un problema que se vén arrastrando dende hai medio ano.

17 de outubro de 2013

Saúdos,
Gabinete de Comunicación PSdeG-PSOE da provincia de Lugo